



## TRAMITACION DO CESE TEMPORAL DE ACTIVIDADE PARA AUTONOMOS POLO COVID-19

**Características do CESE DA ACTIVIDADE para os autónomos/as afectados polo peche ou redución da actividade por mor do coronavirus (COVID-19):**

### Requisitos:

- Estar afiliado e de alta na Seguridade Social na data da declaración do estado de alarma.
- Estar ao corrente dos pagos e obrigas coa Seguridade Social. Se non, darase un prazo dun mes para poñerse ao corrente.
- Que a **actividade estea suspendida ou a facturación se teña reducido nun 75% respecto ao semestre anterior.**
- Non é necesario ter cotizado previamente por cese de actividade, nin ter alcanzado o periodo mínimo necesario para ter dereito á axuda.
- **NON DARSE DE BAIXA** na actividade nin en autónomos.

**Contía e duración:** 70% da base reguladora ata que se levante o estado de alarma.

### Tramitación:

- **Se tes as continxencias comúns e as profesionais cunha mutua,** deberás de tramitalo coa propia mutua.
- **Se tes as continxencias profesionais cunha entidade xestora da seguridade social,** deberás de tramitalo coa Seguridade Social.
- Haberá que cubrir un formulario e xuntar **DNI e número de conta bancaria e no caso de descenso de ingresos, os xustificantes deste descenso.**
- A **cota de autónomos de marzo debe pagarse** para non contraer débedas coa Seguridade Social e ter dereito á prestación por cese de actividade e a exoneración de pagamento de autónomos. **A Tesourería da Seguridade Social devolverá a cota** de autónomos de marzo se lle foi ingresada antes de ter recoñecida a prestación por cese de actividade.

MAIS INFORMACION: SEPE: 900812401 ou [www.sepe.es](http://www.sepe.es)